

Convócanse novos procesos selectivos extraordinarios de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso – oposición:

- para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de Ciencias, especialidade en Química;
- para o ingreso na escala de auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais, subgrupo C2, na especialidade de Bombeiro forestal e
- para o ingreso na escala de persoal de mantemento, subgrupo AP

As bases para estes procesos son as mesmas que se publicaron para o resto dos procesos extraordinarios de estabilización o día 27 de decembro de 2022, modificadas por resolución do 20 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 15 do 23 de xaneiro).

Exercicios.

1. Para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de Ciencias, especialidade en Química, os aspirantes terán que superar os seguintes exercicios:

a) O primeiro exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cento sesenta (160) preguntas tipo test, relacionado no anexo.

O exercicio dividirase en dúas partes:

A primeira parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de cento vinte (120) preguntas, das que trinta (30) preguntas se corresponden coa parte común do programa e noventa (90) preguntas coa parte específica.

A segunda parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de contido práctico de corenta (40) preguntas da parte específica do programa, sobre un ou varios textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de douscentos (200) minutos.

b) O segundo exercicio consistirá no desenvolvemento por escrito de dous (2) temas, para elixir entre cinco (5) obtidos mediante sorteo de entre os que figuran na parte específica do programa publicado no anexo.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de douscentos vinte (220) minutos.

2. Para o ingreso na escala de auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais, subgrupo C2, na especialidade de Bombeiro forestal, os aspirantes terán que superar:

O primeiro exercicio consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test, propostas polo tribunal, das que vinte (20) corresponderán á parte común do programa e sesenta (60) á parte específica do anexo.

O segundo exercicio consistirá na realización dunha proba física de carácter eliminatorio. Dita proba consistirá en superar a proba física «Field Test», que consiste en camiñar 3.200 metros sobre terreo plano cun peso de 11 kg ás costas, nun tempo máximo de 30 minutos. As persoas aspirantes deberán acudir á realización da proba provistos dun certificado médico oficial ou informe sobre o seu estado de saúde, asinado por un médico colexiado en exercicio, no que se faga constar que non presenta enfermidade ou discapacidade que impida o correcto desenvolvemento dunha proba de esforzo físico. O dito certificado deberá ter unha antigüidade máxima de 3 meses respecto da data de realización da proba. A non presentación do dito documento suporá a exclusión da persoa aspirante do proceso selectivo.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de cento trinta (130) minutos.

3. Para o ingreso na escala de persoal de mantemento, subgrupo AP, os aspirantes terán que superar un único exercicio, que será eliminatorio e obrigatorio, consistente en contestar por escrito a un cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test propostas polo tribunal, das que vinte (20) corresponderán á parte xeral e corenta (40) á parte específica do anexo.

ANEXO TEMARIO

ESCALA DE CIENCIAS. ESPECIALIDADE EN QUÍMICA.

Parte común.

1. A Constitución española de 1978: título preliminar, título I, artigos 10, 14, 23, capítulo IV e capítulo V e título VIII.
2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia: título I, título II e título III.
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: título III, título IV, capítulo I e capítulo IV e título V.
4. Lei 4/2019, do 17 de xullo, da administración dixital de Galicia: título preliminar, título I, capítulo I.
5. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: título preliminar, capítulos III e IV.
6. Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico: título preliminar, título I.
7. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: título III, título VI, capítulos III e IV e título VIII.
8. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: título I, título II, título III e título VIII.
9. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar e título I. Título I da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
10. Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: título preliminar e título I.
11. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno: título preliminar e título I.
12. Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia.
13. Lei 9/2017, de contratos do sector público, libros I e II.

Parte específica.

1. Análise volumétrica. Volumetrías ácido-base. Volumetrías redox. Volumetrías de precipitación. Volumetrías de formación de complexos.
2. Gravimetrías. Potenciometrías e condutimetrías. Fundamentos, equipamentos e aplicacións. Electrofórese. Fundamentos, equipamentos e aplicacións.
3. Cromatografía de gases. Principios de operación. Compoñentes básicos. Inxectores: tipos. Columnas: tipos, características, instalación e mantemento. Detectores (FID, TCD, ECD, PID, MS, MS/MS, HRMS).
4. Cromatografía de líquidos. Principios de operación. Compoñentes básicos. Bombas: tipos. Sistemas de mestura. Inxectores: tipos. Columnas: tipos, características, instalación e mantemento. Detectores (UV-VIS, Fotodiodos, FL, IR, Condutividade, Electroquímico, MS, MS/MS, HRMS). Fontes de ionización en HPLC-MS. Principios de supresión en cromatografía iónica.
5. Técnicas espectrométricas: espectrometría de infravermellos, visible e ultravioleta. Fundamento, equipamentos e aplicacións.
6. Espectrometría de absorción e emisión atómica. Chama. Cámara de grafito. Xerador de hidruros. Principios de operación e compoñentes básicos de cada un dos sistemas.
7. Espectrometría de plasma de acoplamento indutivo (ICP-AES e ICP-MS). Principios de operación. Sistemas de introdución de mostra: tipos de nebulizadores, tipos de cámaras de nebulización. Características dun plasma, o facho. Interfase e óptica: xeneralidades. Detectores: tipos. Interferencias en ICP-AES e ICP-MS: tipos, tratamento.
8. Métodos analíticos baseados en inmunoanálises. Fundamento. Tipos. Compoñentes básicos dos equipos. Aplicacións.
9. Sistema de calidade baseado na norma UNE-EN ISO/IEC 17025: manual de calidade, control de cambios, cualificación do persoal, calibración, control e mantementos de equipamentos, inventarios e fichas de equipo, auditorías, accións correctivas e preventivas, rastrexabilidade, informes de ensaio.

10. Sistema de calidade baseado na norma UNE-EN ISO/IEC 17025: métodos de ensaio e calibración, validación de métodos, control de calidade, precisión e exactitude, reproducibilidade e repetibilidade, límites de confianza, cálculo de incertezas, patróns e materiais de referencia, ensaios interlaboratorio.

11. Regulamentos REACH e CLP: características de perigo dos produtos químicos, criterios de clasificación de substancias e mesturas químicas, mecanismos de información: etiquetas, fichas de datos de seguridade; restricións de fabricación, comercialización e uso de substancias perigosas.

12. Toxicoloxía industrial: criterios de valoración de axentes químicos. Valores límites ambientais (VLA): definición e directrices para a avaliación da exposición por inhalación de axentes químicos. Valoración por comparación co VLA de exposición diaria VLA-ED e de exposicións curtas VLA-EC. Medicións periódicas de control. Valores límites biolóxicos (VLB): definición, características e métodos de control.

13. O Real decreto 374/2001 sobre riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo: avaliación dos riscos, medidas de prevención xerais e específicas, medidas para adoptar fronte a accidentes, incidentes e emerxencias. Real decreto 665/1997 sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos e mutáxenos durante o traballo: identificación e avaliación da exposición a carcinóxenos, prevención e redución da exposición.

14. Laboratorios químicos: riscos específicos hixiénicos e de seguridade. Consideracións relativas á estrutura, deseño e distribución dos laboratorios. Consideracións sobre seguridade relativas a instalacións e aparellos. Consideracións sobre operacións comúns. Equipamentos de seguridade: elementos de protección e de actuación. Xestión dos residuos no laboratorio: normas xerais de manipulación de residuos, programa de xestión de residuos no laboratorio: sistema de recollida; clasificación e eliminación de residuos; envasado e etiquetaxe; almacenamento temporal.

15. Control das exposicións a riscos químicos (hixiénicos e de seguridade). Técnicas xerais. Accións de control técnicas. Accións de control organizativas. Priorización do control de riscos. Accións sobre o axente. Accións sobre o proceso. Accións no local de traballo. Accións nos métodos de traballo.

16. Avaliación e control de riscos químicos (hixiénicos e de seguridade) de carácter específico: clasificación de áreas e medidas de control de atmosferas explosivas. Documento de seguridade en atmosferas explosivas. Riscos químicos no manexo de fertilizantes. Riscos toxicolóxicos dos principais grupos de praguicidas. Riscos específicos nas operacións en viveiros e invernadoiros.

17. Toma de mostras para análise química: importancia nos resultados das análises. Representatividade das mostras. Distintos procedementos de toma de mostras. Conservación e preparación de mostras para análise química. Homoxeneización e redución do tamaño da mostra. Conservación dos diferentes tipos de mostras segundo as determinacións que se van realizar.

18. Análise química dos diferentes tipos de forraxes: determinación do valor nutritivo. Estado de conservación dos ensilados: determinacións analíticas para a súa avaliación.

19. Composición química dos pensos. Análises básicas para a determinación do seu valor nutritivo. Outros compoñentes: hidratos de carbono, fósforo, calcio, cobre, urea, cloruros. Fundamentos dos métodos de análise. Análise micrográfica. Compoñentes tóxicos en pensos: fundamentos dos métodos de análise de aflatoxinas, nitratos, nitritos, metais pesados e arsénico.

20. Aceites e graxas. Parámetros determinantes da calidade e pureza. Fundamentos ou principios dos métodos físico-químicos para a identificación dos aceites e os seus compoñentes máis importantes.

21. Carnes e produtos cárnicos. Fundamentos ou principios dos métodos de análises químicos dos parámetros máis importantes.

22. Produtos en conserva: conservas e semiconservas de peixe, conservas vexetais. Fundamentos ou principios dos métodos de análise físico-químicos dos parámetros máis importantes.

23. O viño: automatización da análise de viños-Analizadores FTIR. Constitución ácida e glicídica das uvas e dos viños e a súa análise. Compostos fenólicos das uvas e dos viños e principios das análises. Compoñentes volátiles das uvas e dos viños e a súa análise. Composición mineral dos viños e a súa análise.

24. Os destilados: normativa relativa á súa definición (Regulamento CE 110/2008). Composición química dos augardentes. Fundamentos das análises de augardentes (OIV, CE).

25. Cervexas: tipoloxías e características principais. Fundamentos das análises máis características. Vinagres: tipoloxías e características principais. Determinacións máis características.

26. Directiva marco da auga: calidade das augas. Estado químico e estado ecolóxico das augas. Analíticas que hai que efectuar para definir o estado ecolóxico das augas.

27. Análises de augas superficiais e subterráneas. Calidade das augas superficiais. Indicadores de calidade para a clasificación e seguimento do estado. Redes de control e seguimento. Requirimentos de calidade analítica.

28. Analítica de augas residuais e industrias de vertedura ao dominio público hidráulico (DPH) e ao dominio público marítimo (DPM). Parámetros característicos de vertedura e valores límites de vertedura. Obxectivos de calidade do medio receptor.

29. Analítica de solos contaminados, de tecnosolos e de lodos de EDAR. Analitos para ter en conta; fundamentos dos métodos de análises.

30. Leite e produtos lácteos. Composición. Tipos. Fundamentos ou principios dos métodos de análises químicos, dos principais compoñentes.

31. Análises de produtos fitosanitarios. Concepto. Clasificación. Persistencia e toxicidade. Efectos sobre a saúde humana e o medio. Plans de control de residuos de produtos fitosanitarios. Problemática xeral da análise de residuos de pesticidas. Métodos de preparación de mostras e análises.

32. O solo: textura e estrutura, o pH, a acidez e as necesidades de cal, o complexo de cambio, nutrientes principais no solo, relación C/N, materia orgánica, utilización das análises de solo para a determinación da fertilidade.

33. Fundamentos ou principios dos métodos de análise de solo: textura, densidade, humidade, pH, condutividade eléctrica, carbono, nitróxeno (Ca, Mg, Na e K asimilables), oligoelementos, fósforo asimilable, acidez do solo, materia orgánica, carbonatos, análise foliar para a determinación da fertilidade.

34. Fertilizantes inorgánicos e emendas. Real decreto 506/2013 sobre produtos fertilizantes e Regulamento (UE) 2019/1009 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo aos fertilizantes: definicións, fundamentos da súa clasificación, fundamentos ou principios dos métodos de análise físico-química.

35. Fertilizantes orgánicos e órgano-minerais. Real decreto 506/2013 sobre produtos fertilizantes: definicións, fundamentos da súa clasificación, fundamentos ou principios dos métodos de análise físico-química.

36. Substratos. Real decreto 865/2010, do 2 de xullo, sobre substratos de cultivo: definicións, fundamentos da súa clasificación, fundamentos ou principios dos métodos de análise físico-química.

37. Distribución de competencias en materia de augas na Comunidade Autónoma de Galicia. Competencias en materia de abastecemento, saneamento e depuración de augas residuais. Demarcacións hidrográficas de Galicia. Plan hidrolóxico Galicia-Costa.

38. Tratamento de augas residuais: pretratamento, tratamento primario, tratamento secundario, tratamento terciario. Tratamento dos lodos de depuración das augas residuais urbanas e de industrias agroalimentarias. Usos destes lodos.

39. Lei 1/1995 de protección ambiental de Galicia: a inspección ambiental. As avaliacións de impacto ambiental e de plans e programas. Lei 9/2013, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia: avaliación ambiental de actividades.

40. A prevención e control integrado da contaminación: Real Decreto Lexislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención y control integrados de la contaminación e o Real Decreto 815/2013, de 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación: Actividades que están suxeitas a este procedemento; a autorización ambiental integrada; os valores límites de emisión (VLE); as mellores técnicas dispoñibles; a información e sistemas de comunicación das actividades IPPC; o control ambiental destas instalacións IPPC. O rexistro europeo PRTR, Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xaneiro de 2006, relativo ao establecemento dun rexistro europeo de emisións e transferencias de contaminantes, e Real Decreto 508/2007, de 20 de abril, polo que se

regula a subministración de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas.

41. Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Diferentes tipos de residuos. A xerarquía dos residuos. Tratamentos. Subprodutos. Códigos LER. Produtores e xestores. A rastrexabilidade dos residuos. Traslados. Autorizacións administrativas.

42. Calidade dos solos e das augas subterráneas. Redes de control e seguimento. Declaración de solos contaminados. Actividades potencialmente contaminantes de solos. Técnicas de descontaminación e recuperación de solos contaminados.

43. Calidade do aire. Redes de control de calidade do aire. Equipamentos automáticos de medida de contaminantes no aire ambiente. Toma de mostras e caracterización da composición do material particulado do aire ambiente.

44. Actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera: rexistro destas actividades en Galicia: Regade-Capca. Control de emisións á atmosfera. Sistemas automáticos de medida de contaminantes nos focos emisores á atmosfera. Avaliación do cumprimento dos valores límite de emisión.

45. A responsabilidade ambiental. Operadores afectados pola normativa de responsabilidade ambiental. A garantía financeira obrigatoria. Análises de riscos ambientais. Dano significativo ambiental: formas de avaliación. Medidas reparadoras primarias; medidas compensatorias e medidas complementarias.

46. Riscos industriais no sector químico: normativa europea (Directiva Seveso), española e galega aplicable. Directriz básica de risco químico. Os plans de emerxencia exterior: a súa estrutura e empresas afectadas en Galicia

ESCALA AUXILIAR DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, SUBGRUPO C2, ESPECIALIDADE DE BOMBEIRO FORESTAL

Parte común.

1. A Constitución española de 1978: títulos preliminar, I, II e VIII.
2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia: títulos preliminar, I e II. Competencias: exclusivas, desenvolvemento lexislativo e execución.
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: títulos preliminar, I, II, III, IV e V.
4. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno: título preliminar, título I: capítulos I, II, IV e V, e título II: seccións 1, 2 e 3 do capítulo I.
5. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: títulos I, III, IV e V.
6. Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar, título I: capítulos I e II.
7. Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: título preliminar; capítulo V, sección 1ª, e capítulo VIII do título I e título II.
8. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: capítulos I, II e III.

Parte específica.

1. A defensa contra incendios forestais en Galicia. Os distritos forestais. A rede de radio. O manexo dos equipos de comunicación. A recolla inicial de datos. A recollida de datos ó remate do lume. A transmisión de datos dun lume.
2. O lume forestal, características e o seu comportamento. Accións básicas de extinción. Ataque directo e indirecto. O remate dos lumes.
3. A prevención de incendios. Accións de prevención. Ferramentas de ataque e prevención. A maquinaria lixeira. O equipamento na loita contra incendios.
4. A conducción dun vehículo todoterreo. A estiba das ferramentas. A conducción cara ó lume, aproximación e estacionamento do vehículo.
5. A seguridade do persoal en labores de prevención e extinción. Riscos, medidas preventivas e normas de seguridade. Prevención de accidentes.

ESCALA DE PERSOAL DE MANTEMENTO, SUBGRUPO AP

Parte común.

1. A Constitución española de 1978: títulos preliminar, I, II, e capítulo I do título III. 2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia: títulos preliminar, I e II. Competencias: exclusivas, desenvolvemento lexislativo e execución.
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: títulos preliminar, I, II, III.
4. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno: título preliminar, título I: capítulos I, II, IV, V, e título II: seccións 1, 2 e 3 do capítulo I.
5. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: títulos I, III, IV e V.
6. Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar, título I: capítulos I e II.
7. Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: título preliminar; capítulo V, sección 1ª, e capítulo VIII do título I e título II.

Parte específica.